



Aproveitando o título da célebre obra de Christine de Pizan, *A Cidade das Damas*, este curso de verán nace co propósito de analizar o papel das mulleres do período medieval, prestando especial atención ao exercizo do poder e como este afecta ou é aproveitado pola poboación feminina durante a Idade Media.

Máis aló de consideralas unha mera elite socio-económica, achegarse ás mulleres poderosas permite observar aspectos diversos da sociedade medieval. A partires do seu exemplo pódese apreciar dende a evolución da espiritualidade dun territorio ata as redes sociais, económicas ou culturais que constrúen e a súa proxección en espazos rurais e urbanos.

Obxectivos:

- Coñecer a natureza do poder medieval e a influencia do xénero nél
- Ofrecer ferramentas de estudo sobre o papel das mulleres nos ámbitos do poder
- Analizar os principais tipos de fontes
- Coñecer as institucións que custodian eses recursos
- Explorar novas posibilidades de análise no marco das Humanidades Dixitais

Dirección

Diana Pelaz Flores e Miguel García-Fernández

Secretaría técnica

Carla Trincado Rodríguez

Organización

Vicerreitoría de Estudantes, Universidade de Santiago de Compostela. Dpto. de Historia.

Proyecto de investigación: *La reginalidad iérica desde/hacia la Europa atlántica. Economías territoriales, escenarios curiales y geografías relacionales (ss. XII-XV)*
(Ref. PID2022-141727NB-C22)

Datas e lugar de celebración

11-14 de xuño de 2024

Facultade de Xeografía e Historia, USC

Duración: 25 horas lectivas, 2 créditos
(Entregarase un diploma para as persoas inscritas que acrediten o 80% de asistencia ao curso)


Matrícula: Tasa xeral 120 euros, Tasa reducida para estudantes 70 euros

Inscripción: cursosdeveran@usc.gal

Periodo de inscrición: Do 15 ao 31 de maio de 2024

Imaxe de portada

Mutacion de Fortune. The Hague, Royal Library, Ms. 78 D42, f° 1



A Cidade das Damas Fontes e aproximacións ás mulleres con poder da Idade Media

Santiago de Compostela,
11-14 de xuño de 2024
Facultade de Xeografía e Historia



Martes, 11 de Xuño

09.30 Inauguración e presentación do Curso de Verán

10.00-11.00 Da excepcionalidade á normalización. Rexinalidade e Historia Social das Mulleres. Miguel García-Fernández (IEGPS) e Diana Pelaz Flores (USC)

11.00-12.00 Fontes editadas, ¿mulleres estudadas? Problemática do traballo con coleccións diplomáticas. Carla Trincado Rodríguez (USC)

12.00-13.00 Anais, crónicas e relatos. Arquetipos e roles femininos. Diana Pelaz Flores (USC)

14.00-16.00 Pausa Xantar

13.00-14.00 Fontes arquivísticas para unha historia social das mulleres con poder. Miguel García-Fernández (IEGPS)

16.00-17.00 Editar as fontes das mulleres con poder. Ricardo Pichel (UA)

17.00-19.00 Iniciarse na multi-edición dixital de textos: O sistema do EGPA. Ricardo Pichel (UA)

Mércores, 12 de Xuño

10.00-12.00 Rexinalidade atlántica e conexións ibéricas. Estudos comparados. Paula Del Val Vales (University of Lincoln)

12.00-14.00 Rexinalidade mediterránea nas fontes da Coroa de Aragón. Economía e redes sociais. Lledó Ruiz Domingo (UV)

14.00-16.00 Pausa Xantar

16.00-19.00 Interpretar os espazos femininos. Unha mirada transversal e interdisciplinar a través do contexto compostelán. Miguel García-Fernández (IEGPS), Carla Trincado Rodríguez (USC) e Diana Pelaz Flores (USC)

Xoves, 13 de Xuño

10.00-12.00 Raíñas e infantas de pergamiño. Textos e imaxes para a Historia do poder territorial feminino. Rocío Sánchez Ameijeiras (USC)

12.00-14.00 Posibilidades de estudo das mulleres con poder a través do Arquivo da Catedral de Santiago. Visita ao arquivo. Xosé Manuel Sánchez Sánchez (USC)

14.00-16.00 Pausa Xantar

16.00-17.00 Baixo a luz do microscopio. Expresións artísticas do poder feminino. Lucía Pereira-Pardo (INCIPIIT-CSIC)

17.00-19.00 Achegarse ao laboratorio. Técnicas de estudo e recuperación das pegadas das mulleres poderosas. Lucía Pereira-Pardo (INCIPIIT-CSIC)

Venres, 14 de Xuño

10.00-12.00 Reforzar ou desterrar mitos. Novela histórica e novela gráfica no estudo de mulleres poderosas. Israel Sanmartín Barros (USC)

12.00-14.00 Divulgación e novos formatos. Dos discursos audiovisuais ás redes sociais. Miguel García-Fernández (IEGPS) e Diana Pelaz Flores (USC)